

MAQUIS

O maquis é un conxunto de movementos guerrilleiros antifascistas de resistencia en España que comezou durante a Guerra Civil.

A partir de 1944, cos exércitos alemán en retirada, moitos guerrilleiros reorientaron a súa loita antifascista hacia España. Pese o fracaso da invasión do Val de Arán, algunhas columnas conseguiron ir cara o interior e enlazar coas que permanecerán no monte dende 1939.

O máximo apoxeo guerrilleiro foi entre 1945 e 1947. Intensificouse a represión franquista, ata rematar cos grupos, no que moitos morreron ou foron detidos e outros escaparon cara Francia ou Marrocos.

No ano 1952 evacuáronse os últimos continxentes de importancia, quenes resistiron no monte negándose a escoller entre o exilio ou a norte, loitando pola supervivencia. O final do maquis márcano as mortes de Ramón Villa no 1963 e de Xosé Castro no 1965.

Ramón Rodríguez Varela (Curuxás)

Nace en Vilouriz (Toques) en 1905. Fillo de labregos, marcha a vivir a Pambre cos seus país no 1916. Famoso polas súas leas da vila. Casa con Marcelina Costa, coa que tivo seis fillos.

A súa conciencia política foise formando nos seus diferentes empregos, participou nalgunhas actividades de resistencia contra o franquismo na Coruña en 1936, polo que se botou ao monte.

Protagonista do atraco a una sonada mina, pero sempre conseguía fuxir. Vivía entre o monte, a súa casa e a dos veciños que o acollían. Mudaba a miúdo de acubillo, saído só de noite, solicitando axuda económica dos máis ricos e tamén dos menos acomodados, a cambio de axudalos nas súas casas ou dándolle agasallos aos fillos. Foi admirado pero tamén temido.

A súa familia tamén sufriu as consecuencias das súas actividades, pois foi acosada polos franquistas, catro dos seus fillos tiveron que exiliar á América, mentres que a súa muller inclusive chegou a pedir esmola para cresen os gardas que o seu home tamén exiliara.

Os grupos ós que curuxás pertenceu foron : a partida de guerrilleiros de Melide e Ulla integrada na III Agrupación da Federación de Guerrillas Galicia-León, e despois na III Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia.

O escritor Carlos Parrado publicou un libro co título de “Curuxás”, onde ademais de relatar a vida do home que dá nome ao libro, tamén relata as actividades e acción do grupo guerrilleiro do Ulla dende o final da Guerra Civil ata a norte en 1946 do seu último xefe coñecido como o “Foucellas”.